



A X Festa do Botelo do Barco na Coruña reúne a casi 250 persoas este sábado 8 de febreiro no Hotel Finisterre

O xantar estará precedido dun Túnel do Viño organizado en colaboración co Consello Regulador da DO Valdeorras

O Barco, 7 de febreiro de 2025.-Mañá celebrase no Hotel Finisterre a X edición da Festa do Botelo do Barco en Coruña, organizada polo Concello do Barco. Nesta edición, ademais da comida co botelo como protagonista, celebrase un Túnel do Viño dirixido por expertos sumillers do equipo de Luis Paadín, en cuxa celebración colabora o Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras.

O menú da comida está composto por empanada de maravallas e sopa de cocido, como entrantes, para seguir logo co prato principal, composto de botelo, chourizos, cachelos e repolo. Como sobremesa, bica. Todo, servido con vinos godello e mención de Valdeorras, e rematado con café e selección de licores de Valdeorras.

As actividades comezarán ás 13,00 horas, coa entrega de acreditacións e inicio do Túnel do Viño, no que se presentarán referencias de máis de 30 viños da Denominación de Orixe Valdeorras, baixo o asesoramento de dous expertos sumillers. Ás 14,00 horas comezará a entrada ao comedor, co fin de que o xantar se sirva desde as 14,30 horas. A partir das 16,45 haberá música en directo no propio restaurante.

O prezo establecido para esta edición da Festa do Botelo do Barco na Coruña foi de 55 euros por persoa, incluíndo a participación no Túnel do Viño. O próximo 8 de marzo celébrase a última Festa do Botelo do Barco deste ano, no Hotel Coia de Vigo.

Saúdos,

Comunicación Concello do Barco